

DOMINGO XVIII ORDINARIO (C)

PRIMEIRA LECTURA Ecl 1, 2; 2, 21-23

Lectura do libro do Eclesiástés

Vaidade de vaidades -di Qohélet- un lene sopro, un breve aire é todo. Pon por caso un home que lle debe o que gañou ó seu saber, prudencia e éxito, e que o teña que deixar en herdanza a un que non o traballou. Évos tamén un gran sensentido e gran mal. Abofé, ¿que tira un home tal de todo o seu esforzo e de darlle voltas ó maxín, traballando baixo o sol? "Dores tódolos días, molestias do seu trasfegar, noites en branco matinando", ¡E isto sonvos tamén andrómenas!

SALMO RESPONSORIAL Sal 89, 3-4. 5-6. 12-13. 14 e 17

Ti repós no po os mortais,
con dicirlles: "volve, fillos de Adán".
Mil anos son ante ti
coma o día de onte que pasou,
coma unha vixilia da noite.

Ti falos pasar, e son coma sono mañanceiro;
son coma herba que agroma:
de mañá florece e verdea,
á tarde ségana e seca.

Ensínanos a conta-los nosos días,
para que acheguémo-lo corazón á sabedoría.
Volve, Señor. ¿Por canto aínda?
Apiádate dos teus servos.

Dános de mañá a fartura da túa misericordia,
para que teñamos felicidade e ledicia toda a nosa vida.
Que a bondade do Señor, o noso Deus, sexa connosco,
que el consolide as obras das nosas mans.

SEGUNDA LECTURA Col 3, 1-5. 9-11

Lectura da carta do Apóstolo San Paulo ós Colosenses

Irmáns: Se resucitastes con Cristo, buscade as cousas de alá enriba, onde Cristo está sentado á dereita de Deus; arelade o de arriba e non o da terra. Vós morrestes e a vosa vida está agachada con Cristo en Deus. Cando se manifeste Cristo, que é a vosa vida, daquela tamén vós vos manifestades con El cheos de gloria.

Así que, dádelle morte a todo canto tedes de terreal: a fornicación, a inmoralidade, a paixón, os malos desexos e a cobiza, que é unha idolatría. Non vos mintades uns a outros, xa que vos espistes do home vello cos seus malos feitos e vos revestistes do home novo, que se vai anovando conforme a imaxe de quen o creou, para chegar a un coñecemento total. Alí xa non hai máis nin grego nin xudeu, circuncisión nin paganía, bárbaro, escita, escravo nin libre, senón que Cristo é todo en tódalas cousas.

EVANXEO Lc 12, 13-21

Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas

Naquel tempo, díxolle a Xesús un que estaba entre a xente: - Mestre, dille a meu irmán que reparta a herdanza comigo. El contestoulle: - Home, ¿quen me nomeou xuíz ou albacea entre vós? E logo díxolle á xente: - Atención: gardádevos da cobiza, que por moito que un teña non por iso a súa vida depende dos seus bens.

E propúxolles unha parábola: - As terras de certo home rico déranlle moito froito. Púxose entón a cavilar: "¿Como vou facer, que non teño onde mete-lo froito?" E dixo: "Xa o sei: vou desface-los meus celeiros, e constrúo outros máis grandes e alí meto o trigo todo e tódolos meus bens. Logo direime a min mesmo: Amigo, xa tes aí reservas para moitos anos; descansa, come, bebe e ¡a vivir!" Pero Deus díxolle: "Insensato, esta mesma noite váiseche reclama-la túa vida: ¿para quen será todo o que fixeches?" Así é quen atesoura riquezas para si, pero non é rico para Deus.